



# CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

<b>Proxecto</b>	Mellora do entorno da Igrexa de Fiopáns
<b>Plan</b>	POS+23 AD2
<b>Orzamento</b>	61402,61 € (21 % IVE incluído)
<b>Licitación (PLACSP)</b>	2024/C003/000002. Data: 12/09/2024
<b>Expte. electrónico Tedec</b>	2024/C003/000002
<b>Procedemento</b>	aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
<b>Tramitación</b>	ordinaria
<b>Mesa de Contratación Permanente</b>	Nomeada no Pleno do Concello da Baña, na sesión do 07/02/2024 BOP núm. 35 do 19/02/2024

**Lugar:** Salón de Plenos da Casa do Concello

**Sesión núm.:** 1

**Tipo de sesión:** ordinaria

**Tipo de acto:** non público

**Data:** 5 de setembro de 2024 (xoves)

**Hora de comezo:** 09:38 h

**Hora de remate:** 10:25 h

## ASISTENTES

- Jesús Manuel Pena Varela, segundo tenente de alcalde e concelleiro de Obras, Urbanismo e Medio Rural, presidente
- Olga Dourado González, secretaria-interventora, vogal
- Fernando Martínez Méndez, funcionario municipal, vogal
- Vera Lucía Antelo Suárez, funcionaria municipal, vogal
- Evaristo Lois Rama, persoal funcionario, como secretario da mesa

## ORDE DO DÍA

1. Constitución da mesa de contratación
2. Apertura sobre B: *declaracións responsables e referencias técnicas. Criterios non avaliábeis de forma automática.*
3. Rolda de intervencións

Foi comprobado polo secretario da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

Foi aberta a sesión, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.



Un problema técnico obrigou a retrasar a apertura do sobre electrónico B.

## DEBATES E ACORDOS

### 1. Constitución da mesa de contratación

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes, acordou constituír a mesa de contratación permanente para esta obra.

### 2. Apertura sobre B: *declaracións responsables e referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática.*

Os membros da mesa, xunto coa convocatoria da sesión, recibiron os pregos de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), e a listaxe das empresas licitadoras que emite a Plataforma de Contratación do Sector Público, (PLACSP):

Persoas licitadoras	CIF	Data presentación PLCASP
Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	B15261308	30/08/2024 18:44:56
MANTIDO SL	B15819642	02/05/2024 08:44:10
NEMESIO ORDÓÑEZ, SA.	A15146608	02/09/2024 16:37:16

O presidente ordena abrir os sobre B presentados polas persoas licitadoras referente á *declaración responsable e ás referencias técnicas*, que o secretario descifra e abre, cuxa documentación foi analizada e examinada polos membros da mesa.

Foi acreditado que a documentación que presentan as persoas licitadoras no referente á declaración responsable que se inclúe no sobre B está correcta e conforme ao disposto no PCAP que rexe esta contratación.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

#### 1 Admitir as proposicións presentadas polas persoas licitadoras:

Persoas licitadoras	Rexistro Contratistas Galicia	ROLECE
Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	1691	VIES: ESB15261308
MANTIDO SL	2250	VIES: ESB15819642
NEMESIO ORDÓÑEZ, SA.	161	VIES: ESA15146608

#### 2 Publicar este acordo na PLACSP e comunicar aos licitadores a admisión por ese medio.



# CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

No sobre B, no apartado mencionado *Referencias técnicas*. *Criterios non avaliados de forma automática*, as persoas licitadoras presentan estes documentos:

Persoas licitadoras	Declaracións e compromisos / Outras capacidades 12.B.1	Programa de traballo 12.B.2.1)	Actuación ambiental 12.B.2.2)	Plan de control de calidade 12.B.2.3)	Esquema do plan de seguridade 12.B.2.4)
Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	Si / Si	Si	Si	Si	Si
MANTIDO SL	Si / Non	Si	Si	Si	Si
NEMESIO ORDÓÑEZ, SA.	Si / Non	Si	Si	Si	Si

Logo de revisar e analizar a documentación, a mesa considera que é correcta conforme ao PCAP.

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

Achegar aos servizos técnicos do órgano de contratación os documentos que incluíron as persoas licitadoras admitidas nos arquivos ou sobres electrónicos sobre B: apartado subtítulo *Referencias Técnicas*, para valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adjudicación non avaliados de forma automática mediante fórmulas.

### 3. Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa

O presidente da mesa

Evaristo Lois Rama  
(Documento que se asina electronicamente)

Jesús Manuel Pena Varela